

Acta Asemblea Ordinaria e Extraordinaria

Convocada Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria de persoas asociadas da Asociación musical y cultural Cantabile coa antelación prevista nos Estatutos da Asociación, reuniuse o día 31 de marzo de 2019 na sede da Asociación, sita na rúa Santo Tomás, número 30 baixo da Coruña, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión da Asemblea Xeral Extraordinaria realizada o día 3 de xuño de 2018
2. Balance do ano 2018: exame e aprobación do estado de tesouraría, inventario e memoria de actividades
3. Exame e aprobación da planificación e actividades para 2019
4. Modificación parcial dos estatutos da Asociación
5. Aprobación da solicitude de declaración de utilidade pública
6. Dimisión da actual Xunta Directiva
7. Presentación de candidaturas para a elección da Xunta Directiva. Votación
8. Mencións especiais e recoñecementos
9. Rogos e preguntas

Ao non existir o quórum suficiente na primeira convocatoria, aprázase o inicio da reunión á hora convida para a segunda convocatoria, as 17:30 horas.

*Contan como **persoas asociadas presentes**:*

Cristina Veira Flores, Rosa Vaamonde Fandiño, Isaac Martínez Bendayan, Pilar Muíños Morales, Begoña Juárez Pérez, Cristina del Mar García López, María José Orosa Ramudo, Miguel Nó Gómez, María Teresa Vega San Vicente, Ramón Patiño Martínez, Xulio Loureiro González, Lucía Cernadas Varela, Carola Antezana Canales, Santiago Vázquez Calvete, María Jesús Abad Vidal, María Luisa Marcos Pacheco, María José Rodríguez Areán, Fernando Carballal Platas, Pablo Carballido del Camino, Alberto Miguélez Rouco, Manuel González Veiga, M^a Ángeles Louro Pico e Candela Garea Veiga representada pola súa nai (art. 24 dos estatutos)

Presentáronse tamén as seguintes representacións:

- *Lucía Cernadas Varela representando a **Mariana Boedo Buño**.*
- *Carola Antezana Canales representando a **Ramón Fernández Portilla e Carmen Portilla Bouza***

Están presentes tamén representantes de JDV 10 Consultores SL, empresa contratada para o asesoramento fiscal, laboral e contable.

Pásase ao debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día, comezando co primeiro.

1. Lectura e aprobación da acta

A vicepresidenta Lucía Cernadas Varela, amablemente, le a acta redactada co gallo da reunión extraordinaria da Asemblea de socios do 3 de xuño de 2018, substituíndo ao secretario.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta

2. Balance do ano 2018: exame e aprobación do estado de tesouraría, inventario e memoria de actividades

O presidente, Xulio Loureiro, toma a palabra para explicar que representantes da empresa contratada para o asesoramento fiscal, laboral e contable, JDV 10 Consultores, están presentes para explicar as contas anuais e destaca o feito de que é a primeira vez que ocorre isto.

Manuel Otero Guldrís toma a palabra para explicar pormenorizadamente a conta de resultados e o balance de situación. Explica que as contas de 2018 reflicten un pequeno resultado negativo -233,93 euros, que pode ser cuberto polos activos da Asociación.

A continuación, o presidente explica a única modificación no inventario, as cadeiras adquiridas para a sala de ensaios con cargo á subvención da Deputación Provincial da Coruña. A continuación, amablemente, le a memoria de actividades de 2018.

Sométese o asunto a votación e a Asemblea acorda por unanimidade a aprobación do estado de tesouraría, inventario e memoria de actividades

3. Examen e aprobación da planificación de actividades de 2019

O presidente, Xulio Loureiro, dá conta da relación de concertos e actividades previstas para este ano, entre as que destacan a próxima convocatoria do curso de canto, a continuación do Proxecto da Luz, os concertos das Candeas, solistas e Sección Xuvenil e a viaxe cultural do verán, probablemente a Valencia.

Sométese o asunto a votación e a Asemblea apróba por unanimidade

4. Modificación parcial dos estatutos

O secretario toma a palabra para indicar que o acceso á cultura esté frecuentemente restrinxido a certos grupos sociais, cando debería tratarse dun dereito humano. O xénero é transversal a estas restricións e as mulleres e as nenas, deben facer fronte a obstáculos que lles imposibilitan participar na vida cultural das súas comunidades.

A Xunta Directiva, consciente de que o xénero é unha construción cultural e social pretende ser un exemplo de apoderamento da muller, tanto no eido cultural como no eido social.

Explica tamén que a música se amosa como unha ferramenta de intervención socio cultural, de sensibilización en valores, para a comunicación e o traballo en equipo e de inclusión social e medio para potenciar capacidades, como proceso educativo e como medio de expresión de diferentes emocións, así como de método de resolución e conflitos de forma pacífica. Todas as persoas que vemos semanalmente o traballo do coro sabemos que a nosa asociación, sen ter estes fins como específicos, transfórmase nesa ferramenta socio-cultural igualitaria e inclusiva e, sendo así, esta característica debería plasmarse formalmente como un fin.

Por iso, a Xunta Directiva propón incluír unha letra d) no artigo 2 (fins da asociación):

d) A promoción da igualdade e a inclusión social das diversidades desde e na cultura e máis especificamente desde e na música.

Continúa explicando o secretario que, na contorna na que vivimos, como non pode ser doutro xeito, debemos ter especial sensibilidade coa nosa lingua o coa nosa cultura, para protexela e promocionala.

Por iso, a Xunta Directiva propon incluír unha letra e) no artigo 2 (fins da asociación):

e) A promoción e a defensa da lingua e a cultura galega.

Aproveitando esta modificación estatutaria, continúa o secretario, a Xunta propón tamén eliminar unha frase sen sentido no artigo 18 tras a enumeración das competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

~~Las facultades del punto d) del artículo 18 y las de los puntos e) y f) del~~

Antes de someter o asunto a votación, o secretario explica que segundo o artigo 17 dos estatutos, o órgano competente é a Asemblea Xeral Extraordinaria e a maioría cuallificada necesaria (artigo 16 dos estatutos) é as 2/3 das persoas asociadas presentes ou representadas.

Sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos afirmativos: 26
- Votos negativos: 0
- Abstencións: 1

Polo tanto, queda aprobada a modificación parcial dos estatutos.

5. Aprobación da solicitude de declaración de utilidade pública

O secretario toma a palabra par explicar que os artigos 32 e seguintes da Lei Orgánica 1/2002 adícase ás asociacións de utilidade pública.

Deben concorrer os requisitos que sinala o citado artigo 32 e a Xunta Directiva pensa que na Asociación concorren todos os requisitos.

A declaración amplía a esfera dos dereitos das asociación, pero tamén amplía a esfera das obrigas xa que cómpre render contas anuais e presentar a memoria de actividades.

É importante por estes motivos:

Darí prestixio á asociación.

Podería accederse noutras condicións a convocatorias de subvencións en concorrencia e a asinar convenios nominativos e abriría a posibilidade de optar a cesións de locais polas administracións públicas.

O secretario explica que non é un procedemento doado pero que é un esforzó que pode verse recompensado e, sobre todo, porque a Asociación cumpre todos os requisitos.

Por iso, a Xunta Directiva, na súa reunión do día 10 de febreiro de 2019, acordou elevar á Asemblea Xeral Extraordinaria, órgano competente para a solicitude, segundo o artigo 18 dos Estatutos, proposta de aprobación da solicitude á Subdirección Xeral de Asociacións, Arquivos e Documentación do Ministerio do Interior.

Sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos afirmativos: 26
- Votos negativos: 0
- Abstencións: 1

Polo tanto, queda aprobada a proposta de solicitude de declaración de utilidade pública.

6. Dimisión da actual Xunta Directiva

Chegados a este punto, e segundo o previsto na orde do día e a convocatoria, o presidente comunica a dimisión en pleno da Xunta Directiva para celebrar eleccións.

7. Elección a membros da Xunta Directiva

Durante o prazo previsto estatutariamente, só se presentou unha candidatura, polo que queda nomeada desde o día da reunión a nova Xunta Directiva da Asociación. Non se manifesta oposición e apláudese a elección. Polo tanto, a Xunta Directiva queda formada por:

- Lucía Cernadas Varela, presidenta
- Miguel Nó Gómez, vicepresidenta
- Carola Antezana Canales, tesoureira
- Santiago Vázquez Calvete, secretario
- Cristina del Mar García López, vogal
- María Begoña Juárez Pérez, vogal
- María Luisa Marcos Pacheco, vogal
- Xulio Loureiro González, vogal
- Cristina Veira Flores, vogal
- Rosa Vaamonde Fandiño, vogal

O presidente saínte e novo vogal, Xulio Loureiro, salienta que é a primeira vez, nos 17 anos de existencia da asociación, que será presidida por unha muller e, ademais, nova, o que trae como resultado a importancia que a mocidade do coro lle dá ao proxecto e que coa mocidade implicada, o futuro está garantizado. Cede a palabra á nova presidenta, Lucía Cernadas, que presenta a Rosa Vaamonde e Cristina Veira, como novas incorporacións á Xunta Directiva e, ao ocupar ela a presidencia da asociación, pasa a ser vicepresidente e presidente da sección xuvenil Miguel Nó.

8. Mencións especiais e recoñecementos

O presidente saínte, e novo vogal, Xulio Loureiro, quere agradecer, en primeiro lugar a María Teresa Vega que, xa fóra da Xunta Directiva, seguiu asesorando á nova xunta, sobre todo, nas relacións coa anterior xestoría. No mesmo sentido, agradece tamén a colaboración de Cristina Pardo. A continuación, agradece tamén a adicación de María José Orosa Ramudo e Dorothea Nicholas nas súas etapas na Xunta Directiva e a Marta Cortacáns pola colaboración en ocasións desinteresada coa Asociación. Agradece tamén o compromiso de Dores Tembrás e Fernando Buide, profesionais de recoñecido prestixio, que son capaces de sacar tempo altruistamente para cederllo a Cantabile nos proxectos que emprende. A presidenta entrante, Lucía Cernadas, insiste nos agradecementos a Dores Tembras polo tempo, a atención e os consellos. Remata Xulio Loureiro agradecendo a Pili Muiños tamén o seu compromiso.

9. Rogos e preguntas

Pili Muiños indica que quere felicitar expresamente á Xunta Directiva por facer un traballo espectacular. Comenta que o mellor camiño que percorreu en común coa súa filla foi Cantabile, ao formar parte ela da Xunta Directiva e a súa filla do coro. E finaliza felicitando tamén ao director, Pablo Carballido, porque a calidade musical alcanzada é grazas a el.

María Teresa Vega pregunta se hai variacións na cuota anual e o presidente saínte responde que non.

Cristina Veira pregunta polo curso de canto. Xulio Loureiro e Pablo Carballido responden que no curso os nenos e nenas fan un traballo para mellorar a técnica de canto individual. Consideran que é moi positiva pero sobre todo para os e as que levan menos tempo cantando.

E non habendo máis asuntos que tratar, dando a presidenta a benvida á Xunta Directiva a Rosa Vaamonde e Cristina Veira, ás 18 horas e 10 minutos do día máis arriba indicado, dase por rematada a Asemblea e redacto a presente acta e eu, o secretario, dou fe do seu contido.

V. e pr.
O presidente saínte

Xulio Loureiro González

Santiago Vázquez Calvete

A presidenta entrante

Lucía Cernadas Varela